

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 16, 9-15

Xesús resucitou no abrente do primeiro día da semana, e aparecéuselle en primeiro lugar a María Magdalena, da que botara sete demos.

Ela fóillelo dicir ós compañeiros del, que estaban chorosos e tristes. Pero estes, oíndolle dicir que estaba vivo e que ela o vira, non llo creron.

Despois disto, aparecéuselles, en figura diferente, a dous que ían de camiño a un lugar. Estes fóronllelo contar tamén ós demais, pero nin a eles os creron.

Por último, aparecéuselles ós Once mentres estaban á mesa, botándolles na cara a súa incredulidade e a dureza de corazón, por non creren a aqueles que o viran resucitado de entre os mortos. E díxolles:

– «Ide polo mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a creación.»